

Plan de reforestación do monte comunal de Matamá con voluntariado 2017/2019

Introdución:

A Comunidade de Montes de Matamá en Vigo Pontevedra, formouse no ano 2003 cando se aprobaron os seus estatutos, é no ano 2011 cando se clasificaron os seus montes, como montes en man común. Moi pouco tempo para mudar o que foron moitísimos anos de abandono e agresións.

Nestes anos a nosa labor sobre o terreo foi clara, a restauración de antigas canteiras e unha modesta pero continua labor de reforestación. A nosa non foi nunca unha reforestación convencional, dende sempre xa as primeiras Xuntas Reitoras tiveron claro que o noso ten que ser un monte social e de eminente carácter protector, por iso plantaron castiñeiros, carballos, Freixos, bidueiros, pero fai anos que quixemos dar un paso mais nesta liña, cara a restauración da natureza no noso monte, e traballamos dende o subsolo cas árbores micorrizadas, pasando por herbas e plantas, arbustos e pequenas árbores para chegar as grandes árbores, co que se a memoria non me falla estamos o redor das cincuenta especies diferentes todas autóctonas.

A labor forestal ven vista é pura xenerosidade, o que plantas e coidas non é para ti é para os teus netos, so así pódese garantir o ciclo vital da natureza, non renunciámos o carácter produtor do monte, simplemente colleitaremos o que a natureza nos dea, que non vai ser pouco e o faremo-lo cos prazos e tempos que lle corresponden.

Pódese pensar que actuando deste xeito renunciámos a obter beneficio do monte, pero a realidade é que a longo prazo venderemos madeira de calidade e a curto prazo todos poderemos apañar cogomelos castañas e froitas, todos estes beneficios son facilmente cuantificables, pero alguén me pode dicir canto vale o aire limpo que se respira no monte, canto vale un espazo saudable no que pasear camiñar ou correr, canto vale a paisaxe, canto vale o canto dos paxaros, canto vale a visión fugaz dun raposo...


Plan de reforestación:

En dous anos queremos plantar 4.000 carballos e sobreiras no monte comunal, pero non so carballos e sobreiras, gústanos a biodiversidade polo que de toda a superficie a reforestar, reservamos un 20% para outras especies como érbedos, acivros, estripeiros etc.

Non se poden pedir 4000 carballos a un viveiro de un día para outro porque non os teñen, e das outras especies moitas veces non saben nin que son, temos que crialos nos ca vosa axuda, ca axuda do VOLUNTARIADO. O voluntariado leva traballando no monte de Matamá dende os inicios, ata de agora eran os comuneiros, pero temos que recoñecer que a labor que temos por diante é grande de mais para nos, precisamos de mais COLABORADORES.

Faite COLABORADOR:

Funcionamos cun grupo de WhatsApp, o noso numero só para o tema dos colaboradores é o **600861755**, para entrar no "Grupo de Colaboradores Montes de Matamá" tes que mandarnos un WhatsApp, co teu contacto que inclúa nome apelidos e dirección, se leva unha foto túa mellor pero é opcional. O primeiro e formar o grupo e despois iremos dando instrucións.



Como o imos facer:

A Comunidade de Montes vai mercar bandexas de alveolo forestal como as da foto, marcamos de prazo como máximo ata fin de mes para entregar todo o material, pero se o temos antes farémolo antes.

Bandeja forestal para carballos y otros árboles

Medida Bandeja: 30 x 48,5 cm

Número de celdas: 35

Contenido de celdas: 350 c.c. / celda

Medida superior celda: 5,8 x 5,4 cm

Medida inferior celda: 4,4 x 4,0 cm

Profundidad: 15,8 cm

Galga: 1,70

Color: Negro

Número de plantas: 240 plantas/m²

35 Alveolos

350 c.c.



1. Cada COLABORADOR poderá solicitar o numero de bandexas que vexa que pode levar a diante
2. Nos proporcionamos a semente que se vai plantar, para asegurar a especie e o orixe da semente.
3. A terra a empregar será unha mestura a partes iguais de:
 - Turba pode ser mercada (non trae herbas) ou turba recollida nunha carballeira. Despois dos lumes, escasea no noso monte, non vola podemos proporcionar.
 - Terra vexetal NEGRA. A podeades recoller cando recollades as bandexas témola nos
 - Cada bandexa leva aproximadamente 12 litros de terra 6l. de turba e 6l. de terra negra
4. As sementes entérranse deitadas a unha profundidade igual o tamaño da semente
5. O sitio ideal onde situar as bandexas seria no chan sobre unha Malla Antihervas e sombreadas lixeiramente. Isto e o ideal pero que cada un emprega o sitio que ten, é importante que lle dea algo o sol ou non iran ben.
6. **Regar:** a terra ten que estar lixeiramente mollada, se seca a terra completamente, as plantas morreran.
7. Cumprido o primeiro ano, as plantas témolas que transplantar a un contedor mais grande, que volo entregara a comunidade de montes. Cando as plantas teñan dous anos, no mes de novembro levarémo-las o monte, esta tarefa faise con maquinaria sa que o burato ideal ten 50cm X 50cm, é moito traballo e chove, polo que o mais probable é que o faga xente contratada, pero se alguén quere plantar as súas poderá facelo.
8. As sementes que imos empregar polo de agora son de carballo (*Quercus robur*), de carballo cerquiño (*Quercus pirenaica*) e de sobreira (*Quercus suber*).

8 Alveolos
1.500 c.c.



Medida Bandeja: 27 x 48,5 cm
Número de celdas: 8
Contenido de celdas: 1.500 c.c. / celda

*Que ninguén se asuste, non esquecerse de regar e o mais difícil de todo o proceso, e sempre manteremos o contacto, para calquera dubida ou problema que teñamos. **Animádevos nada aporta mais satisfacción que ver medrar o que ti mesmo plantaches.**

Indalecio Bastos Fernández



Presidente da Comunidade de Montes de Matamá